



CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA		
NIF: P-8600004-I	Telf: 986 52 70 80	Fax: 986 52 87 00
Enderezo: Rúa Palmeira 25	CP 36626	arousa@interbook.net



Con data de 5 de novembro aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local do Concello de A Illa de Arousa os estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación da Área de Reparto nº 20 do PXOM de A Illa de Arousa, publicándose o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia nº 225 de data 22 de novembro de 2004 o que se lle notifica facéndolle saber que no prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ó que reciba esta notificación, poderá examina-lo expediente e formular ante a Administración municipal as alegacións que ó seu dereito convengan

A Illa de Arousa, 22 de novembro de 2004

Ø ALCALDE



Asdo. José Manuel Vázquez Vázquez

Sr/a. D/na.

Residencia Illa de Arousa SL
Estrada de Madrid, 150
0150

26. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS.
27. ORDENANZA REGULADORA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL.
28. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓ DE ANUNCIOS.
36. ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENZA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, E DAS TAXAS POLA PRESTACIÓ DE TALES SERVICIOS.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto-Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, os acordos correspondentes quedan expostos no taboleiro de anuncios para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas dentro do prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte a esta publicación no Boletín Oficial da Provincia. De non se presentar reclamacións nese prazo, entenderanse definitivamente adoptados os correspondentes acordos.

A Estrada, 11 de novembro de 2005.—O Alcalde en funcións, José Antonio Maceira Besteiro.

200500395

* * *

A ILLA DE AROUSA

A N U N C I O

A Xunta de Goberno local na súa sesión de 28 de outubro de 2005, acordou aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto na área de reparto nº 20.

Ábrese en consecuencia un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de exposición pública entenderase aberto dende a correspondente publicación ata o remate dos vinte días hábiles.

A documentación do presente expediente atópase ao dispor do público no concello de A Illa de Arousa.

O presente anuncio servirá de notificación, nos termos establecidos nos artigos 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para todos e todas aque-

les/as interesados/as directamente afectados/as que por resultar descoñecidos/as ou ignora-lo seu domicilio non poidan ser notificados/as persoalmente.

A Illa de Arousa, a 3 de novembro de 2005.—
O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2005010311

* * *

O PORRIÑO

A N U N C I O

Pola Resolución da Alcaldía de data 4 de outubro actual, foron aprobados os Pregos de condicións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer o concurso para a adxudicación mediante procedemento aberto da “Redacción dunha cartografía analítica a escalas 1/1000 e 1/2000, así como a realización do inventario de camiños”, o cal expónse ao público polo prazo de oito días contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poidan presentar reclamacións.

Simultaneamente anúnciase a convocatoria do concurso:

1.—*Entidade adxudicadora.*

- a) Concello do Porriño (Pontevedra) - Negociado de Contratación, Secretaría.
- b) Expediente : 94 / 2.005.

2.—*Obxecto do contrato.*

- a) Constituír o obxecto deste contrato, a adxudicación da redacción dunha “cartografía analítica a escalas 1/1000 e 1/2000, así como a realización do inventario de Camiños”, con arrego os Pregos de Condicións Técnicas e Cláusulas Administrativas Particulares.
- b) Lugar de execución: Municipio O Porriño.
- c) Prazo del contrato: 6 meses.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.*

- a) Tramitación: ordinario.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

4.—*Orzamento base de licitación.*

Orzamento do contrato: 129.320,00 euros, IVE incluído.

5.—*Obtención de documentación e información.*

- a) Entidade Concello do Porriño (Pontevedra), A. Palacios nº 1 - CP. 36400.